

Os veterinarios solicitan que a súa profesión se considere oficio de risco

O presidente do Colexio de Veterinarios de Lugo, José Luis Benedito, e o da Organización Colexial Veterinaria, Luis Alberto Calvo, reuníronse recentemente en Lugo para por en valor a profesión veterinaria e reclamar que o oficio sexa considerado de risco. Neste sentido, avogaron comunemente por dotar ao colectivo con máis ferramentas formativas.

A consideración de profesión de risco, exposta tanto por Benedito como por Calvo, susténtanse na realización de determinados traballos coma o saneamento gandeiro, que pode provocar accidentes laborais. Xunto a isto, os presidentes sinalaron que cómpre aumentar as medidas de seguri-

dade cando se está traballando co manexo de animais. O obxectivo é que poida conseguirse unha correcta inmovilización destes.

Adicionalmente, tal e como expresaron, debería haber máis dun veterinario en cada explotación gandeira durante os labores de saneamento e vixiarse o proceso de adjudicación destes traballos a empresas privadas.

Reivindicacións

No encontro tamén se reclamou ao Ministerio de Agricultura unha intervención decidida e púxose de manifesto que o colectivo trasladou á Xunta de Galicia a súa preocupación ao respecto das medidas de seguridade para os veterinarios

en diferentes ocasións “sen ter obtido un compromiso claro”, tal e como destacou Benedito.

O presidente da organización colexial lucense asegurou tras a xuntanza que a falta de medidas de seguridade tamén afecta aos empregados das explotacións.



Galicia, potencia mundial de castañas



Galicia é unha potencia mundial na produción de castaña, un produto de alto valor engadido que fresco, conxelado ou transformado en cremas ou purés expórtase a boa parte dos países máis ricos

O sector estima que a produción será un 25% mellor que en 2020

do planeta. Italia, Francia, Xapón, Suíza, Austria ou Estados Unidos, pero tamén Arabia Saudita e outros países do Golfo, absorben cada ano toneladas dun produto cuxa produción anual é difícil de calcular porque, con independencia do autoconsumo, miles de quilos comercialízanse á marxe dos leitos oficiais.

O ano pasado a produción foi duns 14 millóns de toneladas e este ano podería ser entre un 20% e un 25% maior, segundo as previ-

sións do secretario da Indicación Geográfica Protexida Castaña de Galicia, Manuel López, quen lembra que algúns anos “saíron 21 millóns de quilos deste froito nos bosques galegos”.

“Galicia ten o 59% da superficie de castiñeiros de España se temos en conta os que se dedican á produción de castaña e non só os destinados á produción de madeira”, explica Manuel López, secretario dun organismo regulador que ampara a unhas 70 das máis de 100 variedades de castaña existentes na actualidade. Tras séculos formando parte da dieta das familias máis humildes, o froito da castanea sativa ten hoxe un lugar nos recetarios máis exclusivos do panorama gastronómico.